

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS**

RESOLUCIÓN do 16 de maio de 2022, da Área de Deseño de Infraestruturas, pola que se fai pública a aprobación do expediente de información pública e, definitivamente, o proxecto de construción de mellora da capacidade e seguridade da AC-862, treito AG-64-Ponte Mera, puntos quilométricos 37+240-40+500, de clave AC/18/014.10.2.

O director da Axencia Galega de Infraestruturas, por delegación da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Orde do 7 de setembro de 2017, *Diario Oficial de Galicia* do 20 de setembro), vistos os informes das administracións afectadas no trámite de información pública, ditou o 13 de maio de 2022 a seguinte resolución:

«Resolución pola que se aproba o expediente de información pública e, definitivamente, o proxecto construtivo de mellora da capacidade e seguridade da AC-862, treito AG-64-Ponte Mera, puntos quilométricos 37+240-40+500, de clave AC/18/014.10.2.

Antecedentes de feito:

Primeiro. A actuación obxecto do proxecto consiste na definición técnica das actuacións de mellora da capacidade e da seguridade viaria no treito comprendido entre o enlace de conexión coa autovía Ferrol-Vilalba (AG-64), en San Sadurniño ata Ponte Mera, en Ortigueira. Estas actuacións teñen como finalidade a rectificación puntual de trece curvas de raio reducido, a rehabilitación do firme con mesturas bituminosas en quente, a realización de gabias de seguridade a modo de sobreecho practicable, e a mellora xeral da vía coa ampliación da plataforma, dotando de carrís lentos treitos en pendente que permitan adiantamentos.

Segundo. No *Diario Oficial de Galicia* núm. 211, do 3 de novembro de 2021, publicouse o Anuncio do 7 de outubro de 2021 polo que se somete ao trámite de información pública a separata do proxecto construtivo de mellora da capacidade e seguridade da AC-862, treito AG-64-Ponte Mera, puntos quilométricos 37+240-40+500, de clave AC/18/014.10.2, así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo proxecto referido.



Terceiro. As administracións afectadas emitiron os correspondentes informes e no trámite de información pública formularon alegacións as persoas interesadas. A todas elas déuselles resposta motivada, segundo figura no informe que consta no expediente, que lles foi notificado ás administracións ás cales se lles deu trámite de informe e aos particulares que presentaron alegacións.

Fundamentos de dereito:

Primeiro. A conselleira de Infraestruturas e Mobilidade é competente para resolver os expedientes de información pública en materia de estradas e informes das administracións afectadas, de acordo co Decreto 26/2019, do 7 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade. Esta competencia atópase delegada na persoa titular da Dirección da Axencia Galega de Infraestruturas, segundo o artigo 8.1.b) da Orde do 7 de setembro de 2017 sobre delegación de competencias no secretario xeral técnico e noutros órganos e entidades públicas adscritos a esta consellería (DOG núm. 179, do 20 de setembro).

Segundo. O artigo 21.4 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, establece que, transcorridos os prazos dos trámites de información pública e informe das administracións afectadas e recibidas as alegacións e informes presentados, darase resposta motivada ás alegacións formuladas. O informe resultante poñerase á disposición das persoas interesadas e notificaráselles ás administracións ás cales se lles dese trámite de informe e aos particulares que presentasen alegacións. Finalmente, resolverase tamén sobre a aprobación do expediente de información pública.

O artigo 22.2 da citada Lei 8/2013, do 28 de xuño, establece que, no caso de estudos ou proxectos sometidos aos trámites de información pública e informe das administracións afectadas, unha vez emitido o informe sobre as alegacións presentadas, o órgano competente da Administración promotora da actuación debe adoptar a correspondente resolución, que pode ser de aprobación definitiva de todo o ámbito do estudo ou proxecto ou ben só dunha parte deste.

No seu número 5, o mesmo artigo indica que a aprobación definitiva dos anteprojectos, proxectos de trazado ou proxectos de construción implicará a declaración de utilidade pública, a necesidade de ocupación dos bens e de adquisición dos dereitos necesarios para a execución das obras, dos depósitos dos materiais sobrantes, dos préstamos necesarios para executalas e para a reposición de servizos afectados, así como para o trazado de planta do proxecto e as modificacións deste que, de ser o caso, se puideren aprobar poste-



riormente, e a urxencia da ocupación, todo iso para os efectos de expropiación, ocupación temporal ou imposición ou modificación de servidumes.

No punto 6 do mesmo artigo 22 indícase que “logo de aprobados definitivamente os anteproxectos, proxectos de trazado ou proxectos de construción, as limitacións á propiedade e á titularidade doutros dereitos establecidos nesta lei serán efectivas respecto dos terreos que afecte a actuación correspondente”.

De acordo co que establece o artigo 23 da citada Lei 8/2013, do 28 de xuño, os estudos e proxectos sometidos aos trámites de información pública en materia de estradas e informe das administracións afectadas, unha vez aprobados definitivamente, teñen a consideración de proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal, segundo o disposto na lexislación autonómica de ordenación do territorio, e as determinacións que neles se conteñen terán forza vinculante para as administracións públicas e para os particulares e prevalecerán sobre as determinacións do planeamento urbanístico vixente, sen prexuízo de que as entidades locais en que se asenten as infraestruturas obxecto do proxecto deberán adaptar o seu planeamento urbanístico ao contido no proxecto.

Polo exposto, os concellos de Cedeira, Cerdido e Ortigueira deberán adaptar os seus planeamentos urbanísticos na súa primeira modificación ou revisión ao contido no proxecto.

Terceiro. Que, simultaneamente ao trámite sinalado no parágrafo anterior e para os efectos previstos no artigo 56.1 do Regulamento de expropiación forzosa, se someteu a información pública a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados pola realización da obra correspondente.

De acordo con todo o exposto e tras os informes e certificados presentados,

RESOLVO:

Primeiro. Aprobar o expediente de información pública de mellora da capacidade e seguridade da AC-862, treito AG-64-Ponte Mera, puntos quilométricos 37+240-40+500, de clave AC/18/014.10.2.

Segundo. Aprobar o proxecto de construción de mellora da capacidade e seguridade da AC-862, treito AG-64-Ponte Mera, puntos quilométricos 37+240-40+500, de clave AC/18/014.10.2, sen modificacións respecto do trazado sometido a información pública.



Terceiro. Consonte establece o artigo 23 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, os concellos de Cedeira, Cerdido e Ortigueira deberán adaptar os seus planeamentos urbanísticos ao contido no proxecto, na súa primeira modificación ou revisión.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido nos artigos 10, 14 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa».

O que se fai público para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2022

Carlos Lefler Gullón
Xefe da Área de Deseño de Infraestruturas

